

Aproveitamento do portugués na elaboración terminolóxica galega¹

Use of the Portuguese in the terminological elaboration of Galician language

Valentina FORMOSO GOSENDE

Univ. Paul Valéry, Montpellier III
Laboratoire DIPRALANG²
vformoso@edu.xunta.es

[Recibido, xaneiro 2007; aceptado, febreiro 2007]

RESUMO

Neste artigo expóñense unha serie de reflexións e interrogantes arredor do papel do portugués na elaboración terminolóxica galega: cando pode ser aceptable a solución portuguesa para o galego, a receptividade da neoloxía de base lusa e as posibilidades do portugués como vía de depuración de castellanismos.

PALABRAS CHAVE: Terminoloxía, portugués, castellanismos, neoloxismos, normalización.

FORMOSO GOSENDE, V. (2007): “Aproveitamento do portugués na elaboración terminolóxica galega”. *Madrygal (Madr.)*, 10: 55-65.

RESUMEN

En este artículo se exponen una serie de reflexiones e interrogantes arredor do papel do portugués en la elaboración terminolóxica gallega: cuando puede ser aceptable la solución portuguesa para el gallego, la receptividad de la neología de base lusa y las posibilidades del portugués como vía de depuración de castellanismos.

PALABRAS CLAVE: Terminología, portugués, castellanismos, neologismos, normalización.

FORMOSO GOSENDE, V. (2007): “Aprovechamiento del portugués en la elaboración terminolóxica gallega”. *Madrygal (Madr.)*, 10: 55-65.

ABSTRACT

In this report a series of reflections on and questions about the role played by the Portuguese in the elaboration of terminology of Galician language can be read: it is shown the moment in which the Portuguese solution for the Galician language can be acceptable, the receptiveness of luso-based neology, and it is also shown the possibilities of the Portuguese used as a way of purging “Spanish words”.

KEY WORDS: Terminology, Portuguese, Spanish words, neologisms, normalization.

FORMOSO GOSENDE, V. (2007): “Use of the Portuguese in the terminological elaboration of Galician language”. *Madrygal (Madr.)*, 10: 55-65.

SUMARIO: 1. Premisas de partida. 2. Normalización, terminoloxía, usuarios e receptividade. 3. Posibilidades do portugués como vía de depuración de castellanismos. 4. Referencias bibliográficas.

¹ Este texto ten como base un relatorio presentado nunha mesa redonda no marco do *I Simposio Galego de Terminoloxía* celebrado en Santiago de Compostela en novembro do ano 2003.

² Laboratoire DIPRALANG (Laboratoire de sociolinguistique et de didactique des langues et cultures).

A elaboración de terminoloxía en calquera lingua non está exenta de problemas, pero estes vense incrementados cando falamos dunha lingua sen normalizar. No caso do galego temos unha cuestión que sumarlle: a da falta de consolidación da norma estándar, feito que lle afecta directamente ó papel que pode e/ou debe xogar a lingua de Pessoa nesta elaboración terminolóxica. Loxicamente os que interpretan que galego e portugués son linguas ben diferenciadas van ter razoamentos totalmente diferentes daqueles que entenden que a primeira é unha variante do tronco común portugués. Para os partidarios desta segunda opción non terá moito sentido pensar na elaboración de terminoloxía en galego porque, aínda que sexa con matices, xa adoptan a do estándar vixente ao sur do Miño. Para os primeiros —sexan máis ou menos partidarios da norma oficial que ten na actualidade o galego— vou tentar expoñer as miñas reflexións sobre as posibilidades e necesidade de establecer uns criterios que rexan como e en que condicións se debe acudir ó portugués na elaboración terminolóxica.

1. PREMISAS DE PARTIDA

Para comprender debidamente a miña argumentación sobre o aproveitamento do portugués na elaboración terminolóxica galega debo deixar claro, antes de nada, que parto das seguintes premisas:

1. O galego é unha lingua derivada do latín³ e como lingua que é, ten capacidade de creación de palabras novas.
2. Ante a evidencia de que o portugués é lingua irmá do galego, considero que debe ter un peso superior ó do resto das linguas románicas, á hora de harmonizar solucións,

tal e como se di nas Normas⁴, para así evitar que o galego “adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas”⁵.

3. Con todo, non existe unha postura consensuada, sistemática e clara sobre o aproveitamento do portugués á hora de elaborar terminoloxía, e creo que cumpriría establecer certos criterios.
4. Galicia produce pouca terminoloxía porque tampouco produce técnica, nin foi berce de grandes avances científicos, senón que estes se difundiron desde outras linguas. Isto leva a que normalmente adquiramos a denominación ó mesmo tempo có produto, aínda que na maioría dos casos filtrada a través do castelán, lingua de formación dos especialistas.
5. Os galegos descoñecen o portugués e aínda que esta lingua non lles debería presentar grandes dificultades (principalmente para os falantes con competencia oral en galego) a realidade é que —salvo casos moi excepcionais— se sente como unha lingua estranxeira. Melloraría a situación se se estudase nos centros de ensino secundario, con ampla oferta de inglés e francés⁶ pero moi escasa de portugués, que moi raramente se ofrece o portugués simplemente como optativa⁷.
6. O galego é unha lingua sen normalizar que ten como lingua teito o castelán. Esta realidade non pode deixar nunca de estar presente na mente de todos aqueles que se dediquen á terminoloxía, considerando principalmente que:

- O castelán é a lingua case por excelencia para a docencia nas Universidades galegas e polo tanto a lingua da produción de textos de especialidade, mesmo para os especialistas que teñen como lingua habitual o galego. Isto provoca que

³ Aínda que é sabido que evolucionou na súa primeira etapa en común co portugués, acabou -despois de moitos séculos- como lingua independente, aínda que minorizada baixo a presión do castelán, lingua do Estado no que se incluíu Galiza hai séculos. Concorro daquela co exposto polo profesor Santamarina cando defende o galego “identificado” fronte á tendencia reintegracionista (Santamarina, 1995:71) ó basearse en que, por unha banda o galego –segundo os parámetros de Kloss- sería lingua e non un dialecto de ningunha outra; e por outra a elevación do portugués a estándar constituiría un problema de aprendizaxe (a maioría dos galegos teñen a conciencia de que falan unha lingua diferente do portugués e polo tanto non existe “vontade popular” de anexión lingüística a Portugal).

⁴ Forma abreviada para citar as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*.

⁵ Ademais: “Para o arriquecemento do léxico, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego. As escollas deben decidirse de acordo cun criterio de coherencia interna, a fin de que o galego común non resulte arbitrario e incongruente” (Normas, 2003:12)

⁶ Aínda que o francés se presenta como optativa no Ensino Secundario Obrigatorio, non o é “de facto” posto que cara a el dirixen a todo o alumnado de 1º e 2º da ESO, exceptuando aquel que teña dificultades ben coas linguas ou coas matemáticas.

⁷ Cabe a posibilidade de que a materia de Lingua Portuguesa sexa unha das optativas que cada centro pode ofrecer, pero por razóns varias —que non procede tratar aquí— case non existen centros en Galiza onde exista a posibilidade real de cursalo. O IES de Melide, o de Rianxo e o Eusebio da Guarda na Coruña son algunhas honrosas excepcións.

teñamos un corpus escaso sobre o que poidan traballar os terminólogos.

- En relación co punto anterior está a falta de produción de terminoloxía específica en galego e ó mesmo tempo a falta de demanda da mesma. A maioría dos especialistas, que son á súa vez produtores de terminoloxía, non teñen como obxectivo promover un galego culto, daquela móvense na comodidade do uso do castelán. Aínda sendo conscientes da súa falta de formación en galego e sobre todo no léxico culto, a maioría non fai nada para emendar esa falta. No fondo non se lle dá importancia á terminoloxía específica en galego porque tampouco se asume a función que ten para a normalización da lingua, feito este no que a maioría da poboación non está implicada⁸.

- Hai que notar tamén que a administración non puxo os medios suficientes para axudar a solventar esta cuestión: a) non se fixeron vocabularios e dicionarios suficientes para tódolos ámbitos, b) non se difundiron correctamente, c) na maioría dos casos estas obras non se validaron por un órgano competente na materia⁹, d) por último e como causa de todo o anterior, quizais estea que non se organizou un plan de normalización lingüística¹⁰ serio ó seu debido tempo. Todo isto levou á falta de coordinación na produción de neoloxismos e da normativización do léxico en xeral, provocando o nacemento, en paralelo e baixo criterios diversos, de diferentes significantes para o mesmo significado. Estes difundíronse, nun período moi curto de tempo, en dicionarios e manuais sen estaren sancionados e nun número demasiado amplo foron eliminados ou modificados ó pouco de lanzarse, creando un efecto rebote nos usuarios.

- Existen unha serie de representacións negativas cara á nosa lingua que se comprobaban na persistente estigmatización dos galegófonsos, ben como “ruralitas” (xa tradicional), ben como militantes nacionalistas (máis actual), e por un rexeitamento bastante amplo cara á variante estándar¹¹. Isto acaba provocando que non haxa unha preocupación xeral cara ó idioma e que o comportamento predominante sexa o de non implicación na normalización deste. Se cadra o paso previo, ou polo menos paralelo, é tentar que a poboación asimile que necesita usar o galego. Facer terminoloxía á marxe destes principios pode ser unha perda de tempo, pois a longo prazo corremos o risco de posuír materiais que ninguén terá nin vontade nin necesidade de empregar.

2. NORMALIZACIÓN, TERMINOLOXÍA, USUARIOS E RECEPTIVIDADE

O terminólogo dunha lingua en proceso de normalización, ó tempo que obedece ós principios básicos para a elaboración da terminoloxía de calquera lingua normalizada: o coñecemento dos usos gramaticais e dos valores pragmáticos das unidades, a importancia do significado preciso (tendo conta da polisemia e do solapamento entre significados xerais e significados especializados) e a colaboración cos especialistas¹², debe sempre ter presente a realidade sociolingüística na que se move e a posible aceptación dos termos propostos por parte dos usuarios.

A situación descrita na epígrafe anterior (da que recordaría dous puntos fundamentais: (1) a

⁸ Nunha enquisa que pasei entre os empresarios galegos durante o ano 2001 (onde maioritariamente acusaban a falta de uso do galego na empresa á pouca formación) obtiven como resposta á cuestión: *Considera que o galego non se introduce na empresa por falta de terminoloxía específica?* que só o 6,5% ven a terminoloxía como a causa fundamental e o 26% como unha causa importante, o resto repartíanse entre os que crían que influía sen ser a traba principal e aqueles para os que tiña pouca ou nula importancia.

⁹ O nacemento de Termigal (Centro de Terminoloxía científico-técnica de Galicia) dentro do *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*, ocupado unicamente por unha media de 5 bolseiros durante os primeiros anos, pouco axudou a solucionar o problema. Este organismo sacou algún material, pero escasamente podía dedicarse a revisar dicionarios ou vocabularios que publicaban outras entidades. Así estiveron publicándose durante anos volumes con termos sen revisar.

¹⁰ En xaneiro de 2005 presentouse o *Plan de Normalización para a Lingua Galega* aprobado polo Parlamento uns meses antes, pero a súa posta en marcha está a ser lenta e aínda non se notaron grandes cambios con respecto ó asunto que nos ocupa.

¹¹ Detéctase desde hai tempo un bloqueo cara á variante estándar, variante que non acaba de callar na cidadanía, por motivos varios. Na propia poboación galegófona existe un conflito provocado por un galego que falan e que non consideran correcto (porque son conscientes de que está cheo de palabras do castelán) e unha norma que maioritariamente descoñecen e, aínda que a idealizan como “bo galego”, ó mesmo tempo rexeitan acusándoa de vacilante e inventada. Daquela rexeitan calquera termo que se propoña e estea afastado da súa fala. A sensación de estar a “inventar” o galego é xeral e nesa falta de comprensión do que significa a variante estándar, xunto co rexeitamento que se produce das variantes dialectais, enmárcase a conciencia dos galegófonsos que seguen pensando que non falan galego correcto, mentres que co castelán non cren ter problemas. Tras máis de 20 anos de clases de galego nas escolas, séguese con estereotipos cara a unha norma que os propios galegófonsos se resisten a usar.

¹² Se o que se cuestiona é o aproveitamento do portugués para a creación terminolóxica galega e para a depuración de castelanismos do noso léxico, sobreenténdese que o terminólogo, por unha banda deberá dominar o portugués, e pola outra, cumprirlle contar coa colaboración necesaria de especialistas portugueses para levar a cabo unha correcta designación, debido ó lóxico descoñecemento parcial que pode ter das materias específicas, que non sempre se soluciona coa simple consulta dos dicionarios.

pouca eficacia sancionadora e a deficiencia de dinamización do léxico normativizado e (2) os estigmas da poboación cara ó galego), creo que provocou que a terminoloxía que se está a producir para o galego, en xeral, teña unha mala acollida. Con todo, cómpre distinguir dous tipos de usuarios: aqueles que o son por compromiso coa lingua e os que o son por obrigación. A situación que vivimos pode provocar o esgotamento dos primeiros, que —sen seren moitos— son piares fundamentais á hora de pensar na supervivencia do idioma. Daquela, e aínda que todo usuario comprometido pode chegar a entender que se está formando o estándar e que isto supón cambios e modificacións, tal vez se canse de consultar e aprender cada pouco un termo diferente para o mesmo concepto. Polo tanto, o primeiro que haberá que valorar será ata que punto compensa depurar un termo para substituílo pola solución portuguesa cando foi previamente sancionado polas autoridades competentes, ou mesmo cando xa acadou unha gran extensión de uso. Coido que á maioría dos usuarios éles indiferente se se eliminan os castelanismos a través do portugués ou doutro xeito, o que queren é que por fin se lles dea unha solución única, que logo aplicarán ou non. Con isto non se entenda que aposto polo “todo vale” ou pola aceptación da norma estándar sen ningún tipo de crítica. Máis ben quero insistir en que se debe valorar moi ben cando compensa mudar un termo que xa foi moi difundido, e cando proceda, a revisión debería ser o máis urxente posible e —loxicamente— estar perfectamente estudada para evitar volver sobre el.

En moitos casos, tanto os usuarios comprometidos coa lingua coma os obrigados, acaban por rexeitar un léxico estándar que senten inestable e pouco serio, e optan por empregar o que o profesor Luís Daviña ten denominado como “castrapo científico”¹³ (Daviña, 2002: 372) para referirse ó uso do galego con terminoloxía en castelán.

E no medio desta situación, cumpriría analizar cal sería a receptividade da terminoloxía portuguesa. Partindo de a) os prexuízos que existen entre a nosa poboación sobre o país veciño e a súa lingua; b) o descoñecemento da lingua lusa entre a maioría da comunidade galega e c) os prexuízos

que presenta o estándar do galego entre os usuarios, chego ás seguintes conclusións:

Os neoloxismos con base portuguesa non terían que presentar problemas na maioría da poboación porque esta descoñece a orixe dos termos. Máis ben o rexeitamento é para os termos galegos, que non están acostumados a oír, debido a unha formación en castelán, a nosa lingua teito. Por que o alumnado non cuestiona o vocabulario de especialidade que debe aprender en bioloxía, química ou arte, por poñer un exemplo, se se lle ofrece en castelán e si o fai cando os termos son en galego, teñan ou non base lusa? Isto deriva na tendencia a evitar un termo que sexa semellante ó portugués se existe como sinónimo un parello ó castelán. Penso en *orzamento* e *presuposto*, a tendencia que eu percibín entre os usuarios era a de inclinarse pola segunda, adaptación do castelanismo *presupuesto*, xa totalmente introducido e polo tanto apoiándose na súa maior transparencia. Sobra dicir que a tentativa de xustificar *orzamento*¹⁴ dicindo que é a forma que tamén adoptaron en portugués non convencia, aínda que tampouco fose a causa fundamental do rexeitamento. Daquela a recepción dos termos da lingua do sur do Miño será coma a de calquera outro neoloxismo, aínda que non se poderá usar como único argumento para introducir un lusismo.

3. POSIBILIDADES DO PORTUGUÉS COMO VÍA DE DEPURACIÓN DE CASTELANISMOS. CANDO PODE SER ACEPTABLE A SOLUCIÓN PORTUGUESA PARA O GALEGO?

Tras esta disertación para centrar debidamente a cuestión, chegamos ó punto central: *Cando pode ser aceptable a solución portuguesa para o galego?* As respostas a esta cuestión poden ir solucionando tamén as dúbidas a propósito das posibilidades do portugués como depurador de castelanismos. Viuse que nas *Normas* se establecían uns criterios para ter en conta o portugués á hora da produción de terminoloxía en galego, pero con esas liñas básicas non se soluciona toda a casuística, porque non sabemos que peso lle imos dar a un préstamo do portugués á hora da formación dun neoloxismo.

¹³ É o que se lle escoita ós profesionais dos medios de comunicación, ós políticos, ó profesorado de ciencias que, no mellor dos casos, dá as clases en galego “por decreto”, e que adoita usar a terminoloxía en castelán e así llela transmite ó alumnado, xa que por unha banda supón un esforzo aprender e memorizar termos novos; e pola outra atópanse con solucións “pouco aplicables”.

¹⁴ Nos principais dicionarios aparece *orzamento* como sinónimo de *presuposto* (DRAG, DC, GDX) aínda que no DDLG non se recomenda *orzamento* por ser un italianismo (no DACL: Orçamento, de orçar (do it. Orzare)).

Desde a miña postura de non especialista ocorrense máis interrogantes ca solucións. En primeiro lugar, e desde un punto de vista sociolingüístico, habería que preguntarse se é necesario acudir ó préstamo do portugués, ou ben se existe en galego unha palabra patrimonial que se poida recuperar. A continuación, e desde un punto de vista lingüístico, cumpriría sempre cuestionarse: a) O termo portugués designa exactamente a mesma realidade que queremos nomear? b) Pode presentar problemas ou confusións con algún termo xa existente? c) A solución portuguesa é etimolóxica e/ou coherente? d) Contamos coa opinión dos profesionais da área de estudo para comentar a proposta neolóxica? e) Pode presentar, *a priori*, problemas de aceptación o termo portugués?

Comezarei pola interrogante de orde sociolingüística. Partindo de que o galego é unha lingua viva e cunha riqueza léxica moi importante, habería que considerar se antes de adoptar a forma lusa hai posibilidade do mantemento e recuperación para a terminoloxía técnica de léxico patrimonial. Trátase de establecer en que medida se valora a recuperación dun termo tradicional para adaptalo a un campo novo fronte á introdución dun neoloxismo por préstamo do portugués. Se parte de que todo neoloxismo (neste caso por préstamo da lingua veciña) ten que ser froito dunha necesidade, é dicir, da inexistencia no galego de termos para designar tal realidade, xorde outra pregunta: cando é viable recuperar léxico tradicional, ligado basicamente ó ámbito rural e a unhas formas de vida tradicionais que están desaparecendo e levando consigo ó esquecemento a súa nomenclatura? E a partir desta ocorrense outras dúas cuestións: a primeira en relación á consideración do concepto “léxico tradicional”, e a segunda referida a se existe interese en recuperar o tradicional ou autóctono. Esta dúbida xórdeme ó escoitar manifestacións como, por

exemplo, as que argumentan que a gheada debe estar fóra do estándar oral porque a súa incorporación á lingua culta “tería un alto custo para o prestixio do idioma” e que “non parece razoable sacrificarmos esforzos para beneficiarmos unha característica fonética que naceu baixo o estigma da inautenticidade e da incultura que en máis de 200 anos non foi quen de o superar” (Freixeiro Mato: 1998:158). Seguindo o fío da argumentación anterior sobre a gheada, poderase chegar a afirmar que non se debe recuperar léxico ligado ó mundo tradicional e ó rural polos estigmas que o galego ten de lingua asociada ó campo e á incultura, e así tal vez se poida desbotar a recolla de termos existentes na lingua que están en vías de desaparición ou desaparecidos xa.

Nese dinamismo que caracteriza a tódalas linguas onde as palabras nacen, se reproducen, adquirindo novas formas e significados, e acaban volvéndose arcaicas e morrendo: ¿débense dar por mortos tódolos termos, poñamos por caso, das nosas construcións, ou pódense recuperar algúns para designar obxectos relacionados pero da vida moderna? Isto foi o que se fixo para recuperar palabras como *vasoira* ou *tixola* cando xa na fala viva quedaran (e aínda están) relegadas a obxectos en desuso¹⁵. Entón, poderemos reutilizar pala-bras como *lampión*¹⁶, un termo ligado ó pobre mundo rural, para designar algún concepto do ámbito da arquitectura actual? Haberá algo que se poida renomear coa forma *pioga*¹⁷? Quizais podería recuperarse do mesmo xeito que a aposta feita no DC para a recuperación de *lamia* no intento de substituír o termo castelán *llanta*¹⁸. Produciuse unha simple ampliación do seu significado, igual que sucedeu en castelán, desde “Peza de ferro coa que se protexe o canto da roda do carro”¹⁹ ata “Núcleo circular metálico que serve de soporte ós pneumáticos das rodas de automóbiles, motocicletas, etc²⁰.” Porque había ter mellor cabida, ou ser máis aceptable, a forma

¹⁵ No caso de *vasoira* o utensilio empregado para varrer pero feito unicamente de xestas, e no de *tixola* o instrumento para facer filloas ou asar castañas.

¹⁶ DC: “Remate de pedra que se adoita poñer nos extremos do hórreo” (No DRAG non se recolle). Sería lóxico aplicarllo ás terminacións dese estilo que existen nos edificios, pero ¿ampliárase o significado que ten en portugués e que en galego é descoñecido: “Grande lanterna portátil ou fixa no tecto, esquina ou parede” (DACL), acepción na que seguramente se baseou Franco Grande no DGCFG ó dar como solución do galego *lampión* o castelán *farol*.

¹⁷ DC: “Correa que pasa por debaixo do pescozo do vacún para amarra-lo xugo”.

¹⁸ No DRAE as 3 primeiras definicións son: “1- Cerco metálico exterior de las ruedas de los coches de caballos y carros. 2- Pieza de hierro mucho más ancha que gruesa. 3- Pieza metálica central de una rueda sobre la que se monta el neumático”.

¹⁹ Única acepción que recolle o DRAG.

²⁰ Realizando unha busca no CORGA (Corpus do Galego Actual) atópase un exemplo con esta acepción “Efectivamente, a bici estragárase: rachara a *lamia* da roda dianteira” recollido na obra *Mércores de cinza* de Miguel Anxo Murado (1998).

portuguesa *jante*²¹ (tomada directamente do francés *jante*, de onde tamén xurdiu a forma castelá) cando ademais é un significante con problemas de adaptación gráfica? Esta ampliación de significado a un termo galego tradicional tamén se lle podería aplicar por exemplo a *moega*²² para evitar que se asente o castelán *tolva*²³, que ampliou o significado desde o obxecto tradicional a todo depósito con forma similar empregado para almacenar en industrias. Tería aquí sentido reco-rer o termo portugués *tremonha*²⁴ inexistente no galego?

En contrapartida, existen exemplos de termos que están sancionados xa, nalgúns casos por recuperación de léxico tradicional e que teñen pouca ou nula presenza na fala; fronte a unha forma castelá coincidente coa portuguesa que está realmente viva entre os usuarios. Nunha pequena cala realizada entre profesorado e alumnado de secundaria, anotei termos dos libros de texto de ciencias naturais que eles non empregan. Cito dous exemplos: 1) *noiro* e *támara*, correspondentes ó castelán *talud*; 2) *brión* e *carriza*²⁵, formas autóctonas para o castelán *musgo*. Se buscamos as solucións portuguesas atopamos que empregan *talude* no primeiro caso, e *musgo*²⁶ no segundo. O portugués parece que tomou a primeira delas desde o castelán, (DACL: < cast. talud, fr. talus)

que á súa vez a tomara do francés *talus*; e *musgo* directamente do latín *muscus*²⁷, nunha solución etimolóxica perfectamente asumible en galego. Nestes casos de extensión de uso do termo castelán e existencia do mesmo en portugués, podería aceptarse? e de facelo, sería en exclusiva ou como sinónimo das formas tradicionais?

Ás veces esta tendencia patrimonializante, mesmo na adaptación de cultismos, pode entrar en conflito co portugués e incluso co criterio de universalidade que se lle supón á linguaxe científica. Temos o caso de formas cultas, do tipo *lique*, *seme*, *glute* ou *pole* derivadas dun nominativo latino (en -en) e que para o galego a Real Academia Galega (RAG) adaptou do mesmo xeito cás voces patrimoniais²⁸ (crime, costume...) sen contar co portugués nin co criterio de universalidade, xa que na maioría das linguas próximas²⁹ presentan as solucións cultas co -n final. Con todo, a variación nestes cultismos non adoita presentar graves problemas de aceptación, mentres que si os hai cando se introduce un termo patrimonial en detrimento da solución portuguesa e aquel non dá chamado na lingua científica. Estou pensando no caso do termo “zume” para substituír ó castelán “savia” (que no DUE e no DRAE fan derivar de *sapea*, *sapa*³⁰) e ó portugués “seiva” (que os dicionarios portugueses DACL e DPPE

²¹ Ou incluso poderían servir as formas *camba* ou *pina*, que nalgúns dicionarios portugueses aparecen como sinónimos, e que coinciden coa definición que o DRAE deu para *llanta* e que se achegou arriba. O DACL define *pina* como “Cada una das pezas curvas que compoem a circunferencia da roda dun vehículo” e sinónimo dunha das acepcións de *camba*. Estes significantes tamén están recollidos no GDX e no DC, onde “camba” só presenta a acepción da roda do carro: “Cada unha das pezas curvas que compoñen a roda do carro”. No DRAG e DC vense como equivalentes do castelán “lanta”: “Peza metálica rixida ó redor da cal se coloca o pneumático. Cf. Camba”.

²² DC: “No muíño, o caixón con forma de pirámide invertida desde o que cae o gran para a roda”

²³ “Tolva no DRAE aparece definido como: “Caja en forma de tronco de pirámide o de cono invertido y abierta por abajo, dentro de la cual se echan granos u otros cuerpos para que caigan poco a poco entre las piezas del mecanismo destinado a triturarlos, molerlos, limpiarlos, clasificarlos o para facilitar su descarga”. No DUE: “1- Recipiente colocado encima de las muelas o dispositivo equivalente de los molinos, desde donde va cayendo la molienda al sitio en que es triturada. 2- Depósito cónico o piramidal empleado para almacenar *minerales”

²⁴ O DACL di que é de “origem obscura”.

²⁵ O DXCG ofrece como solucións para *musgo* castelán as formas galegas *brión*, *carriza* e *lique*. Esta última opción empeora as cousas levando á confusión, posto que os biólogos distinguen perfectamente entre *lique* (GDX: 1-Grupo de organismos vexetais de natureza dobre, constituídos por células de alga e de fungo; 2- Organismo vexetal do grupo citado.// DRAG: Organismo vivo pertencente ó mesmo reino cós fungos, composto pola asociación dunha alga e un fungo en simbiose e moi resistente á seca, ó frío e á calor) e *musgo* ou ben *brión* que é unha planta concreta, non a mestura de alga e fungo (Brión no GDX: mofo que medra nos lugares húmidos enriba das pedras, no chan, na cortiza das árbores; carriza.)

²⁶ En portugués *musgo*, ademais de ser animal de orellas curtas (único significado que os dicionarios lle atribúen en galego, en DC: Dise do animal que ten as orellas curtas, e en especial aplicase á ovela.), tamén é termo para a botánica que denomina a tódalas plantas muscíneas.

²⁷ No VOLG non se admite nin siquera como adxectivo e derivase cara á solución *mofo*.

²⁸ De tódolos xeitos, nos diferentes dicionarios aparecen vacilacións nestes termos e, sen ningún criterio coherente, unhas formas propoñenas rematadas en -n nunhas obras e outras noutras. Luís Daviña (1993:107) recolleu toda a casuística nos dicionarios galegos e defende a súa formación culta.

²⁹ Penso nas linguas románicas máis próximas (francés, catalán, italiano, portugués) e tamén inclúo o inglés que recorre ó latín para formar termos de especialidade. En tódalas linguas se mantén a forma culta rematada en -n, excepto no italiano que adapta estes termos engadíndolle un -e final.

³⁰ Corominas atribúelle a savia unha orixe recente, que remitiría ó latín *sapa* “viño cocido” pero tomada a partir do catalán *saba* ou máis ben do francés *sève* “por conducto del gallego portugués *seiva*, *sálvia*, que es también palabra moderna en este idioma y debida a una influencia de la voz francesa bajo la influencia de saiva “saliva”.

atribúen etimoloxicamente ó francés *sève* e ó latín *saliva*), solución pouco afortunada e que non axuda á normalización da lingua³¹.

Se nos centramos agora nas cuestións de índole lingüística (ás veces dificilmente separables das de carácter sociolingüístico) recordemos que se debería comprobar se o termo portugués designa a mesma realidade, se crearía confusións e/ou se era etimolóxico e/ou coherente. Ás veces non ter isto en conta provoca que formas recuperadas a través do portugués para substituír castellanismos, non triunfen en galego. Unhas veces porque a forma recuperada a través do portugués presenta confusión en galego (cuestión lingüística básica). Pode ocorrer que un termo tomado da lingua lusa coincida que en galego teña un significado demasiado xeral e non encaixe na linguaxe de especialidade. Penso que foi o que ocorreu coa adaptación do castelán “*morrena*”³² cando se propuxo “*morea*” (DRAG³³), supoño que a partir do portugués *moreia*, e que entre os profesores de ciencias non se emprega por ser un termo que presenta unha acepción na lingua común cun significado demasiado amplo e estendido (sinónimo de “*montón*”)³⁴. En portugués *moreia*, ademais da acepción para a xeoloxía (onde é sinónimo da forma *morena*), presenta outros dous significados que son específicos³⁵ e que non causan confusión. Daquela, a existencia de *moreia* como termo da xeoloxía en portugués, non parece razón suficiente para o uso de *morea* en galego, sobre todo se a palabra ten a orixe, ben como di o DRAE, nunha voz alpina, ou ben como aseguran o DPPE

e o DACL no francés *moraine*; polo que xulgo máis viable, e sen desviarse do portugués tampouco, introducir como se fixo no GDX a forma *morena* como homónima do adxectivo, quedando diluída a confusión dos substantivos.

Outro exemplo de depuración dun castellanismo a través do portugués que non acaba de triunfar é o do termo *predio* para substituír a *finca*, xa que a solución tomada do portugués *predio* non é de todo válida polos problemas de adaptación que presenta en moitos contextos e pola mala receptividade entre os nosos avogados, formados no dereito castelán e para os que posúe un significado concreto, resultándolles enfusa en galego³⁶. Outro castellanismo difícil de erradicar a través do portugués, este do ámbito económico, é o verbo *devengar*, probablemente porque as opcións propostas³⁷, seguindo a solución lusa³⁸, lles resultan moi complicadas ós especialistas³⁹, ó tratarse ben dun sintagma (*adquirir o dereito a percibir*) moi difícil de substituír mesmo para un especialista en lingua, ben de verbos que en galego non só non son sinónimos senón que teñen significados moi afastados (*adquirir, percibir, retribuír, producir...*).

Normalmente o recurso do portugués está xustifico na medida en que adoita respectar máis a etimoloxía có castelán, pero non sempre é así. Daquela, que facemos cando un castellanismo compite cunha forma portuguesa non etimolóxica? ou cando non se seguiu o portugués para a eliminación dun castellanismo e o termo proposto tampouco dá callado, aínda que sexa máis etimolóxico? Por exemplo, o caso da palabra *icona*,

³¹ “Non poderíamos imaxinar ningún profesor de ciencias falando na súa clase de *zume bruto* e do *zume elaborado*” (Daviña, 1999: 66)

³² Depósito de detritos transportados polos glaciares.

³³ Aparece esta acepción recollida no DRAG e no DC, pola contra en GDX existe co mesmo significado do campo da xeoloxía o significante *morena*.

³⁴ Nos dicionarios defínese *morea* coas tres acepcións que presenta en portugués: 2- Grupo de feixes de cereais que se fan despois da sega. 3- Depósito rochoso constituído por acumulación dos materiais transportados por un glaciar. 4. Peixe osteictio mariño (*Muraena helena*), da familia murénidos, de ata un metro e medio de longo, de corpo longo e anguiforme, pel espida e xaspeada de amarelo. Pero a primeira acepción que presentan as obras lexicográficas é a de sinónimo de “*montón*”. Se buscamos este termo vemos que o definen como: 1- Conxunto de cousas postas sen orde unhas enriba doutras. *Sin. monte. 2. fig. e col.* Número considerable de cousas, gran cantidade. *Sin. acumulación, amoreamento. Sin. morea.*

³⁵ No DPPE: “1- s.f peixe teleosteo anguiforme, de cor castanho-avermelhada con manchas amarelas, comestível e frecuente nas costas marítimas portuguesas. 2- s.f. grupo de feixes de trigo ou de outro qualquer cereal formando montão de forma cónica, meda; (geol) o mesmo que *morena*; (prov. Algarvio) pilha de mato que se deixa no Inverno sobre a terra, e que se queima no Verão, para adubo das terras”. Máis abaixo na entrada *morena*, a acepción 2 di “*acumulação de detritos provenientes da acción erosiva dos glaciares e que estes transportan e acumulan*”.

³⁶ Pódese ver a argumentación polo miúdo ó respecto deste termo en Formoso e González, 2002 onde propoñemos a forma *predio rexistral* para designar no ámbito xurídico, diferenciado das formas da lingua común existentes na lingua viva: *leira, eido, veiga...*

³⁷ A Real Academia Galega e o Instituto da lingua Galega propuxeron no *Léxico da Administración Castelán - Galego* (1991) para *Devengar. v.t.: Percibir, adquiri-lo dereito a percibir unha cantidade / Recoñecer (un dereito, unha obriga). / Retribuír. / Producir, acumular (xuros)*. Aínda se complica máis, se cabe, a solución para o substantivo derivado *Devengo. s.m. Dereito á percepción ou a percepción mesma*.

³⁸ No Dicionario español-portugués de Porto Editora, aparece como solución portuguesa para *devengar*: Merecer, adquirir dereito a alguma recompensa ou retribuição, em troco de traballos ou serviços prestados; ganhar.

³⁹ No mesmo traballo onde se analizou o termo “*finca*” reflexionamos tamén sobre este termo (Formoso e González, 2002).

empregada no ámbito da arte, desde onde se estendeu á informática e, debido á enorme difusión desta a nivel de usuario, chegou á lingua común. A orixe do termo está no grego *eikon*, pero logo existen diverxencias sobre a vía de chegada ás diferentes linguas romances⁴⁰, dando como resultado en italiano e catalán a forma *icona*⁴¹, en francés e portugués unha solución rematada en *-e* (*icône* e *ícone* respectivamente) e en castelán en *-o* (*icono*). Quizais tería sido mellor substituír o castelanismo *icono*⁴² pola forma portuguesa, que ademais coincide no xénero masculino? Aínda que poidamos pensar que si⁴³, e supoñendo que esa evolución sexa admisible, agora que se difundiu *icona*, procede cambiala? Creo que a situación do galego, como quedou descrita arriba, non está para tolerar máis oscilacións desta índole, xa que unha posible mellor acollida de *ícone* iría acompañada dun punto negativo máis á hora da confianza nos termos do galego, que non se dan asentado.

Por outra banda, quizais cumpriría establecer tamén uns criterios máis claros e coherentes sobre a adopción de cultismos nos que se valorase o papel do portugués e mais a forma de proceder cando a forma portuguesa chocase co criterio de universalidade, principio fundamental para a intelixibilidade das ciencias nas diferentes linguas. Vemos dous exemplos:

1) As palabras formadas a través da prefixación ou sufixación clásicas (*oligopolio*, *oftalmoloxía*, *endoscopia*...) adoitan ser similares en tódalas linguas románicas, pero hai variación na acentuación das mesmas. Mentres son xustificables desde o criterio etimolóxico as formas *leucócitos* ou *diáclase*⁴⁴, outras construcións non seguen un criterio moi homoxéneo (aparece *foto-*

copia e *fotofobia* fronte a *fotótipo* ou *fotólito*; *isoglosa*, *isocora* ou *isohieta* pero *isóbara*, *isóclina*, *isógamo*, *isófono*...). Se temos que formar agora unha palabra nova co prefixo *iso-* á que lle engadamos outras dúas sílabas, acentuarase grave ou esdrúxula? Ou vanse admitir as dúas posibilidades como fai o castelán con algúns termos (DRAE: *isóbara* - *isobara*, *isoquímica* - *isiquímica*, *isotopo* - *isótopo*)? Se en portugués existe só a acentuación esdrúxula podíamos tomar este modelo sempre, aínda que xorde de novo a pregunta: cómpre regular os termos que xa foron difundidos con acento grave?

2) As unidades de medida nun primeiro momento traducíronse ó galego a partir do castelán, difundíndose *xulio*, *amperio*, *vatio*, *voltio*, *ohmio*, *culombio*. Seguindo o criterio da universalidade⁴⁵, desde a RAG tentáronse restablecer os termos internacionais para algunhas destas unidades de medida: *watt*, *coulomb*, *ampere*, *volt*, *ohm*, *hertz*⁴⁶....mantendo noutras as formas adaptadas e internacionais como sinónimas (caso de *xulio-joule*⁴⁷) Noutros dicionarios de gran difusión (GDJ) recóllese para algúns termos só a forma adaptada (*amperio*, *voltio*, *xulio*) e para outros, os dous significantes (*Wat* e *vatio*; *coulomb* e *culombio*) ou incluso máis, coma no caso de *hertz*, *hertzio*, *hercio*, *herzio*... sen sistematicidade aparente. En portugués admiten dúas formas (a internacional e a adaptada á fonética do portugués, aínda que se prime a primeira): *watt/vatio*; *coulomb/culombio*; *volt/voltio*; *ampere/amperio* e no resto só as formas internacionais: *ohm*, *joule*, *newton*... Visto isto, pódese poñer en dúbida o criterio de universalidade empregado pola Academia? Habería que admitir só as dúas formas naquelas en que o portugués o fai? É un criterio suficiente?

⁴⁰ Segundo VINZ en italiano *icona* recolle a forma tardo latina con xénero masculino *ic?na*, que á súa vez procedía do grego; para o DRAE o termo *icono* ou *ícono* deriva do francés *icône* que á súa vez o tomou do ruso *ikona* e este do grego bizantino. No DPPE fan derivar a forma portuguesa do grego *eikón*, a través do latín tardío *ic?ne-* e no DACL só fan referencia á súa orixe grega.

⁴¹ En italiano e en catalán (VINZ e DLC) presentan a forma *icona* con xénero feminino para designar basicamente as imaxes de santos, especialmente os das igrexas orientais, pero sen ser este último un trazo excluínte. Mentres estes dicionarios e os de castelán recollen para este termo outros significados, en portugués (DPPE) e en galego só se rexistra para referirse en arte á "Pintura relixiosa realizada sobre unha táboa, propia das igrexas de Oriente" (GDJ), ou precisando máis á "Imaxe en pintura ou relevo característica das igrexas cristiás orientais (ortodoxas)" (DC, similar en DRAG).

⁴² O DRAE admite tamén *icono*.

⁴³ Se cadra porque a terminación *-cona* en galego está connotada e provoca *-cando* menos- o sorriso.

⁴⁴ Tódalas derivadas de formas gregas rematadas en *-sis*, fano en *-se* e manteñen a acentuación esdrúxula correspondente (Daviña, 1997: 30-31)

⁴⁵ E seguramente tamén as apreciacións de Luís Daviña que chamou a atención sobre a absurda tradución no caso de *xulio* a partir de *julio* "que é o nome, pintorescamente castelanizado, de *joule*" (1999: 44).

⁴⁶ Teñamos en conta que estas unidades están representadas por un símbolo internacional, que no caso do "xulio" é J (coincide en castelán a inicial pese á adaptación) e en *vatio* (W) e en *hercio* (Hz). Nos tres casos o símbolo é con letra maiúscula por proceder dun antropónimo. Por outro lado, ó lanzar estes termos para competir con outros que están de plena vixencia deberíase establecer a súa pronuncia.

⁴⁷ No VOLGa aparecen como sinónimos, con todo considérase a forma internacional "igual pero mellor".

Teñamos en conta que o portugués exceptuando o citado “xulio” coincide co castelán nos termos adaptados, e tamén que estes últimos son os máis empregados.

Outras veces o portugués recolleu sen adaptar estranxeirismos fronte á adaptación feita en castelán e galego. É o caso da introdución de préstamos do inglés tipo: *scanner*, *stress* ou *mouse*. O portugués mantén as formas anglosaxonas para os dous primeiros casos e calcou a terceira no ámbito da informática (rato), mentres que en castelán (e polo tanto tamén en galego) se adaptaron tamén foneticamente as dúas primeiras: *escáner* e *estrés*⁴⁸. Neste caso, aínda que esas formas sexan copias do que se fixo en castelán, teño serias dúbidas ó respecto da idoneidade de deixar os termos sen adaptar porque así o fixo o portugués. E en relación con isto está o tema da loita contra os anglicismos, batalla extensible a tódalas linguas do contorno. Os ámbitos da informática e das novas tecnoloxías da comunicación e da información, onde o inglés é o maior produtor de terminoloxía, móvense a tal velocidade que cando os terminólogos dan achegado solucións, na maioría dos casos xa os especialistas teñen adoptado, e no mellor dos casos adaptado, a forma inglesa⁴⁹. Así, mesmo existindo solucións de termos como *router*, *routing*, *debugger*, *download*, *upload*, *jumper*... custa difundir o seu uso entre os técnicos deste ámbito; misión practicamente imposible para significantes tan comúns como *bit*, *chip*, *byte* ou *pixel*⁵⁰, xa moi difíciles de normalizar desde o momento en que saíron da linguaxe de especialidade cara ós medios de comunicación.

Aínda que o terminólogo debe buscarlle solución a tódolos anglicismos posibles e tentar a súa instalación entre os usuarios, debido á rapidez con que se move este campo, habería que ter ben claro o papel do portugués. Como se vai proce-

der? Tomarase a forma que eles propoñan ou a que alí triunfe? Isto supón estar continuamente pendente das súas solucións para ofrecérllelas a tempo ós nosos especialistas que asumen os termos desde o castelán. E nós temos o problema de que producimos e sancionamos terminoloxía moi lentamente. Desta maneira aparecen propostas como *soporte lóxico* para *software* e *equipamento* ou *soporte físico* para *hardware*, nos vocabularios de especialidade galegos⁵¹, cando en portugués xa están introducidas as formas inglesas como entradas nos dicionarios, aínda que nun primeiro momento propuxeran solucións como *equipamento* (“Conxunto dos elementos físicos que compón un sistema”) achegando como sinónimo *soporte físico* (m). A nosa insistencia neste momento nesas solucións, axudan á normalización da lingua?

Chego ó final deixando montes de interrogantes e dando poucas solucións, entre outras cousas porque creo que tampouco son quen para dalas. Con todo, concluirei dicindo que se deberían establecer uns parámetros sobre o papel que debe xogar o portugués en determinados casos susceptibles de sistematicidade.

E aínda que, como veño de expoñer, non penso que a solución ós problemas terminolóxicos do galego estea exclusivamente no portugués, creo que esta lingua debe ser unha ferramenta moi importante para a configuración da terminoloxía galega e que neste momento está mal aproveitada. Polo tanto atrévome a suxerir un par de propostas para un mellor aproveitamento desta, que tal vez sexan utópicas a curto prazo, pero non por iso vou deixar de citalas: a promoción da formación en portugués nos centros de ensino e o establecemento dun maior contacto con Portugal para o intercambio de información, de especialistas e de terminólogos.

⁴⁸ No portugués de Brasil están admitindo a forma *estress* ó lado de *stress*. En galego esta forma non se rexistra porque a Academia propuxo para a devandita enfermidade a forma “tensión”, pero creo que non consegue impoñerse sobre o xeneralizado “estrés”, quizais polo seu significado máis xenérico e menos preciso, igual que pasaba con *morea*.

⁴⁹ Resulta impresionante a cantidade de siglas e acrónimos que entraron desde o inglés e que xa é imposible adaptar ou normalizar no ámbito da informática, nin en galego nin nas linguas veciñas: DOS, LAN, SMNP, SMTP, POP, DNS...

⁵⁰ Igualmente no ámbito económico entran ultimamente moitos anglicismos a raíz das novas tendencias globalizadoras, que xa están asentados: *cluster*, *lobby*...

⁵¹ *Vocabulario de informática* e no *Glosario de Termos de Internet*.

4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACADEMIA DAS CIÊNCIAS DE LISBOA (2001): *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea da Academia das Ciências de Lisboa*. [Lisboa]: Verbo.
- ALMEIDA COSTA, J. e SAMPAIO E MELO, A. (s.d.): *Dicionário da Língua Portuguesa* (6ª ed.). Porto: Porto Editora.
- AA.VV. (1990): *Dicionario Xerais Castelán-Galego*. Vigo: Xerais
- (1997): *Dicionario de Sinónimos da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia
- CARBALLEIRA ANLLO, X.M. (coor.) (2000): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais
- DAVIÑA FACAL, L. (1991): “Necesidade, urxente, dun léxico científico”, *A trabe de ouro*, nº 8, Santiago, Sotelo Blanco, pp. 115-124.
- (1993): “Problemas do léxico científico: algunhas propostas de solucións”. [Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística]
- (1999): *Lingua e ciencia*. Vigo: Xerais
- (2001): O problema da adaptación ó galego de cultismos científicos de orixe grega e latina”, *Viceversa*, nº 6, Vigo, Xerais, pp. 113-129.
- (2002): “Normalización e normativización na área das ciencias da natureza na educación secundaria: o tecnolecto científico ¿castrapo científico?”, *A trabe de ouro*, nº 51, Santiago, Sotelo Blanco, pp. 357-372
- FORMOSO GOSENDE, V. e GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (2002): “Normalización e normativización da terminoloxía específica: finca e devengar”, *Cadernos da Lingua*, nº 24, A Coruña, Real Academia Galega, pp. 29-54.
- FEIXÓ X. (dir.) (1999): *Dicionario Cumio da Lingua Galega*. Vigo: Cumio.
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. (dir. e coor.) (1991): *Dicionario de Dúbdas da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- FRANCO GRANDE, X. L. (1983): *Dicionario Galego-Castelán* (8ª ed). Vigo: Galaxia
- FREIXEIRO MATO, X. R. (1998): *Gramática da Lingua Galega I: Fonética e Fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. e SANTAMARINA FERNÁNDEZ, A. (coord) (2004): *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGA)*. A Coruña / Santiago: Real Academia Galega / Instituto da lingua Galega.
- MARTÍNEZ ALMOYNA, J. (s.d.): *Diccionario de Español-Portugués*. Porto: Porto Editora.
- MOLINER, M. (1998): *Diccionario de Uso del Español* (2ª ed). Madrid: Gredos.
- POMPEU FABRA (1988): *Diccionari general de la llengua catalana* (23ª ed). Barcelona: Edhasa.
- REAL ACADEMIA DE CIENCIAS EXACTAS, FÍSICAS Y NATURALES (1996): *Vocabulario científico y técnico*. Madrid: Espasa.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Diccionario de la Lengua Española*. Madrid: Espasa Calpe.
- REAL ACADEMIA GALEGA (1997): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña/Vigo: Real Academia Galega/ Xerais/ Galaxia.
- REAL ACADEMIA GALEGA E INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1991): *Léxico da Administración Castelán-Galego*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega*. A Coruña / Santiago: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega
- SANTAMARINA, A. (1995): “Norma e estándar” en Monteagudo Romero, H. (ed) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, pp. 53-98.
- ZINGARELLI, N. (1988): *Vocabolario della lingua italiana. Il Nuovo Zingarelli*. Bologna: Zanichelli.

Referencias bibliográficas abreviadas:

DACL: Véxase Academia das Ciéncias de Lisboa (2001).
DC: Véxase Feixó, X. (1999)
DLC: Véxase Pompeu Fabra (1988)
DDLG: Véxase Fernández Salgado, B. (dir. e coor.) (1991)
DGCFG: Véxase Franco Grande, X.L. (1983)
DPPE: Véxase Almeida Costa, J. e Sampaio e Melo, A. (s.d.)
DSGG: Véxase AA.VV. (1997)
DRAG: Véxase Real Academia Galega (1997)
DRAE: Véxase Real Academia Española (2001)
DUE: Véxase Moliner, M. (1998)
GDG: Véxase Carballeira Anllo, X. M.(coor) (2000)
DXCG: Véxase AA.VV. (1990)
Normas: Véxase Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2003)
VINZ: Véxase Zingarelli, N. (1988).
VOLGa: Véxase González González, M. e Santamarina Fernández, A. (coord) (2004)

Dicionarios en liña manexados:

Dicionario de portugués: www.priberam.pt/dlpo-
Vocabulario de informática: www.web.uvigo.es/sli
Glosario de termos da internet: www.web.uvigo.es/sli